

Consello de Contas  
de Galicia



**INSTRUCCIÓN 2/2019 SOBRE O  
SEGUIMENTO DAS RECOMENDACIÓNS  
FORMULADAS NOS INFORMES DE  
FISCALIZACIÓN**

**Entrada en vigor 1 de setembro de 2019**



## ÍNDICE

<b>I. INTRODUCCIÓN .....</b>	<b>3</b>
<b>II. MARCO XURÍDICO .....</b>	<b>4</b>
<b>III. FORMULACIÓN DAS RECOMENDACIÓNIS .....</b>	<b>5</b>
<b>IV. SEGUIMENTO DAS RECOMENDACIÓNIS NOS INFORMES DE FISCALIZACIÓN.....</b>	<b>6</b>
IV.1. CONSIDERACIÓNIS XERAIS .....	6
IV.2. INICIO DO SEGUIMENTO. TRASLADO DAS RECOMENDACIÓNIS .....	8
IV.3. DESENVOLVEMENTO DO SEGUIMENTO. TRATAMENTO DA INFORMACIÓN .....	8
IV.4. RESULTADO DOS TRABALLOS DE SEGUIMENTO .....	9
<b>ANEXOS.....</b>	<b>11</b>
Anexo 1: Modelo de comunicación das actuacións de seguimento de recomendacións (artº 50.1.i) do Regulamento de réxime interior do Consello de Contas de Galicia .....	14
Anexo 2: Modelo de comunicación das actuacións de seguimento de recomendacións (artº 51) do Regulamento de réxime interior do Consello de Contas de Galicia .....	13
Anexo 3: Formato de resposta de comunicación das persoas responsables das entidades fiscalizadas para o seguimento de recomendacións .....	15
Anexo 4: Formato das contestacións das entidades fiscalizadas sobre as recomendacións formuladas nos informes de fiscalización.....	16



## I. INTRODUCCIÓN

Na normativa reguladora dos distintos Órganos de Control Externo (OCEX) destácase, con carácter xeral, a importancia de que os informes de fiscalización inclúan propostas de mellora e recomendacións que contribúan á mellora da xestión do sector público, así como a de realizar posteriormente un adecuado seguimento respecto do seu cumprimento.

A relevancia desta materia ten a súa orixe nos seguintes antecedentes:

A Declaración de Lima, que en 1977 estableceu por parte da Organización Internacional das Entidades Fiscalizadoras Superiores (INTOSAI) as liñas básicas de auditoría que se deberían implementar en todos os países, recolle no seu artigo 1 que *"O control non representa unha finalidade en si mesmo, senón unha parte imprescindible dun mecanismo regulador que debe sinalar, oportunamente, as desviacións normativas e as infraccións dos principios de legalidade, rendibilidade, utilidade e racionalidade das operacións financeiras, de tal modo que se poidan adoptar as medidas correctivas convenientes en cada caso ..."*.

No ámbito dos OCEX, os Principios e Normas de Auditoría do Sector Público aprobados en 1991 xa puñan de manifesto que *"para unha maior efectividade das recomendacións, é importante que se leve a cabo un seguimento posterior das medidas adoptadas para corrixir as deficiencias detectadas"*.

Nas normas internacionais de auditoría do sector público, concretamente na ISSAI-ES 100 "Principios fundamentais da fiscalización do sector público", establécese que: *"8. As fiscalizacións do sector público poden expor distintos obxectivos, dependendo do tipo de actuación que leve a cabo. Con todo, todas as fiscalizacións do sector público contribúen ao bo goberno xa que: (...) crean incentivos para o cambio, proporcionando coñecemento, análises completas e recomendacións de mellora ben fundamentadas."*

Así mesmo, indica que *"unha das principais finalidades das fiscalizacións que realizan as ICEX é contribuír á mellora das prácticas de xestión das entidades públicas. Os nosos informes non son un fin en si mesmos senón un medio para contribuír a mellorar a xestión do sector público. Para iso redactamos as nosas conclusións e as nosas recomendacións."*

No apartado 39 establece que: *"Os informes en formato extenso xeralmente describen en detalle o alcance, os achados e as conclusións da auditoría, incluíndo as consecuencias potenciais e recomendacións construtivas que permitan adoptar accións correctivas."*

Pola súa parte, a ISSAI-ES 300 Principios fundamentais da fiscalización operativa, obriga aos auditores a tratar de proporcionar recomendacións construtivas que poidan contribuír significativamente a solucionar as debilidades ou deficiencias constatadas pola fiscalización.

Así mesmo, os auditores deberán levar a cabo o seguimento dos resultados das fiscalizacións e recomendacións realizadas. O seguimento debe ser efectuado adecuadamente coa finalidade de determinar e avaliar o impacto que tiveron as medidas adoptadas.

## II. MARCO XURÍDICO

A Lei 8/2015, do 7 de agosto, de modificación da Lei 6/1985, do Consello de Contas, do 24 de xuño, introduce no ámbito de actuación do Consello de Contas a realización do seguimento das recomendacións, dando conta do grao de cumprimento daquelas recomendacións emanadas dos informes emitidos, de acordo coa nova regulación do artigo 2.3.

O Regulamento de réxime interior do Consello de Contas, desenvolve o mandato legal establecendo no seu artigo 50.1.i) que á Memoria anual xuntaráse: "... i) A información sobre o seguimento das recomendacións realizadas en informes de fiscalización anteriores".

Así mesmo o seu artigo 51 sinala expresamente o seguinte:

*"1. No exercicio da súa función fiscalizadora, o Consello de Contas proporá nos seus informes as medidas que considere que se deben adoptar para a mellor xestión económico-administrativa do sector público, así como aquelas outras máis idóneas para lograr un control máis eficaz deste".*

*2. As recomendacións terán que estar fundamentadas, ser viables, abordar as causas das deficiencias, e estar redactadas de forma clara, evitando xeneralidades e obviedades.*

*3. O Consello de Contas dará traslado das recomendacións aos organismos controlados, estando estes obrigados, dentro do prazo concedido, a responder de maneira motivada sobre a súa aceptación ou rexeitamento e detallar, no seu caso, os centros responsables da implantación das medidas propostas e o prazo estimado para a súa aplicación.*

*4. O Consello de Contas realizará un seguimento periódico das medidas efectivamente implantadas, para o cal poderá requirir información que acredite a posta en marcha das medidas comprometidas e/ou realizar traballos puntuais de fiscalización orientados a comprobar a realidade da información comunicada cando se poñan de manifesto accións insuficientes ou insatisfactorias.*

*5. O seguimento das recomendacións no ámbito da Administración autonómica poderá realizarse no seo da comisión mixta Consello de Contas-Intervención Xeral.*

*6. Os informes de fiscalización incluírán necesariamente un apartado no que se faga mención expresa ao seguimento das recomendacións formuladas en informes anteriores relativos á área ou materia obxecto de fiscalización."*

O Acordo do Pleno do 15 de decembro de 2017, dispón a aplicación aos traballos do Consello de Contas de Galicia das Guías Prácticas de Fiscalización dos OCEX (GPF-OCEX) aprobadas pola Conferencia de Presidentes dos Órganos de Control Externo Autonómicos.

Entre estas Guías atópase a GPF-OCEX 1730, "Preparación de informes de auditoría sobre os estados financeiros", que establece no seu punto 72 que *"hai que ter en conta que o beneficio do traballo de fiscalización non está nas recomendacións efectuadas, senón na súa aplicación eficaz, de aí a importancia de realizar, nas fiscalizacións recorrentes, un seguimento posterior das medidas adoptadas para corrixir as deficiencias detectadas"* engadindo que no caso de fiscalizacións non recorrentes *"poderán exporse traballos específicos de seguimento do cumprimento das recomendacións."*

Pola súa parte, a GPF-OCEX 1735, "As recomendacións e o seu seguimento" orienta con máis detalle a correcta formulación de recomendacións, os procedementos de seguimento de implantación de recomendacións que se poden realizar e o axeitado tratamento de ambas as dúas cuestións nos informes e constitúe unha referencia directa para esta Instrución.

### III. FORMULACIÓN DAS RECOMENDACIÓNS

O informe deberá propoñer as medidas que se consideren adecuadas para a mellora da xestión económico-financeira da entidade ou entidades fiscalizadas que se poidan deducir dos resultados ou conclusións da fiscalización, especificando, cando sexa posible, a que instancias ou autoridades concretas corresponde a súa posta en práctica.

As recomendacións terán que estar fundamentadas, ser viables, abordar as causas das deficiencias, e estar redactadas de forma clara, evitando xeneralidades e obviedades, atendendo aos seguintes criterios:

- Ser construtivas: deben estar formuladas de maneira positiva, evitando o ton negativo ou recriminatorio.
- Apuntar as causas das incidencias máis que a propia subsanación da incidencia en si.
- Estar fundamentadas e vinculadas aos obxectivos, feitos e conclusións do informe, pero sen reiterar conclusións.
- Evitar obviedades: nunca debe recomendar o cumprimento dunha lei ou unha norma. Se unha entidade non cumpre unha lei debe sinalarse o incumprimento (considerando a súa materialidade), e non facer unha recomendación.
- Ser claras, concisas e comprensibles, e indicar os principais elementos dos cambios necesarios.
- Identificar aos responsables: deben evitarse as recomendacións xenéricas, procurando identificar o departamento ou cargo concreto responsable da súa adopción.

## Instrución sobre o seguimento das recomendacións formuladas nos informes de fiscalización

- Ser viables e prácticas: só se redactarán recomendacións cando se atopen solucións viables ou admisibles e cun custo-beneficio razoable en relación coas debilidades detectadas.
- Ser relevantes: isto é, os beneficios potenciais deben ser superiores ao custo que leve a súa posta en práctica.
- Ser selectivas: O número total de recomendacións non debe ser moi elevado aos efectos de centrar a atención naquelas que se consideren máis relevantes.
- Ser comentadas cos responsables. É desexable que as recomendacións sexan coñecidas, discutidas e asumidas polos xestores públicos durante a realización do traballo de campo, asegurando así, na medida do posible, a súa adopción futura. Sempre deben ser comentadas xunto co resto do informe, con carácter previo, cos responsables das entidades fiscalizadas, de forma que se poida coñecer se os xestores están de acordo e hai compromiso de realizadas; se están de acordo e aducen causas polas que non se poden realizar; se están en desacordo e ofrecen unha explicación da súa posición.

Cando dos resultados da fiscalización se considere necesario ou conveniente a promulgación de normas legais ou regulamentarias, ou a reforma das vixentes, as recomendacións incluirán unha proposta neste sentido.

## **IV. SEGUIMENTO DAS RECOMENDACIÓNS NOS INFORMES DE FISCALIZACIÓN**

### **IV.1. CONSIDERACIÓNS XERAIS**

Atendendo ao tipo do control podemos distinguir entre dous tipos de informes de seguimento:

- Informes de seguimento estatístico ao amparo do que establece o artigo 50.1.i) do Regulamento de réxime interior do Consello de Contas de Galicia
- Informes de seguimento fiscalizador ao amparo do que establece o artigo 51 do Regulamento de réxime interior do Consello de Contas de Galicia

Atendendo á periodicidade do control podemos distinguir entre dous tipos de informes de seguimento:

- Informes recorrentes
- Informes non recorrentes ou específicos

Na análise e valoracións que en cada caso resulten procedentes, aplicáranse os seguintes criterios de avaliación das contestacións formuladas polas entidades fiscalizadas:

1. *Recomendación total ou substancialmente aplicada.* Considérase que a recomendación foi total ou substancialmente aceptada cando a entidade adoptou, no seu ámbito de



- competencias, as medidas correctoras suficientes e proporcionadas para valorar que a recomendación foi atendida e non quedou pendente de resolución ningunha cuestión de importancia significativa. Neste caso a recomendación considerase cumprida.
2. *Recomendación parcialmente aplicada.* Cando a entidade obxecto de control tomou en consideración as recomendacións e comezou a realizar actuacións dirixidas a corrixir as deficiencias, debilidades ou insuficiencias que se puxeran de manifesto, nunha parte delas ou nalgúns aspectos, sen completar a súa execución. Neste caso considerárase a recomendación parcialmente cumprida polo que se manterá a recomendación axustándoa ou reformulándoa no caso que sexa procedente.
  3. *Recomendación non aplicada.* Considerárase que a recomendación non foi aplicada cando a entidade obxecto de control:
    - a) Non acepta a recomendación por discrepancia co seu contido. Neste caso manterase vixente a recomendación.
    - b) Non ten contestado no prazo concedido. Neste caso manterase vixente a recomendación.
    - c) Acepta a recomendación pero non leva a cabo ningunha actuación orientada ao seu cumprimento. Neste caso manterase vixente a recomendación.
    - d) Acepta a recomendación aínda que ten realizado actuacións de forma insuficiente ou incompleta de xeito que a recomendación segue sen aplicarse. Neste caso manterase vixente a recomendación.
    - e) A entidade acepta a recomendación estando a levar acabo actuacións que permiten considerar que está en proceso de aplicación. Estamos ante unha recomendación non aplicada en proceso de aplicación, polo que manterase a recomendación axustándoa ou reformulándoa no caso que sexa procedente.
  4. *Recomendación non válida no marco actual.* Trátase de recomendacións que, aínda que válidas e pertinentes cando se emitiu o informe e para o exercicio fiscalizado, e aínda sendo aceptadas e recoñecidas pola entidade obxecto de control, non se poden aplicar no contexto actual, ao non sedar as circunstancias que o permitan ou a mesma casuística que entón, é dicir, non se dan no momento actual os supostos dos feitos en función dos cales efectuouse a recomendación no pasado.
  5. *Recomendación non verificada.* Trátase de recomendacións que, aínda que aceptadas ou mesmo aplicadas e corrixidas pola entidade obxecto de control, necesitarían obrigatoriamente da realización dalgunha proba adicional para contrastar ou aclarar o manifestado pola entidade fiscalizada que excede o alcance previsto para o obxectivo do informe.

## **IV.2. INICIO DO SEGUIMENTO. TRASLADO DAS RECOMENDACIÓNS**

Unha vez aprobados os informes de fiscalización, o conselleiro responsable do informe poderá iniciar o seguimento das recomendacións, mediante a remisión a estes efectos dunha solicitude de información á entidade fiscalizada.

A solicitude de información que incluíra a relación das recomendacións á entidade fiscalizada, comprenderá, de acordo co disposto no artigo 51.3 do Regulamento de réxime interior do Consello de Contas:

- Un pronunciamiento expreso sobre a aceptación ou non de cada unha das recomendacións.
- As medidas adoptadas ou que ten previsto adoptar para facer efectivas as recomendacións, xuntando a documentación que o acredite, no seu caso.
- Identificación dos centros responsables de implantar as medidas propostas.
- Prazo estimado para a súa aplicación (cronograma).

No mesmo escrito de solicitude de información requirírase das entidades que acrediten en cada momento mediante comunicación remitida ao Consello a efectiva adopción das medidas previstas para dar cumprimento ás recomendacións conforme ao cronograma comunicado.

Por último, advertírase ás entidades fiscalizadas a improcedencia de efectuar alegacións ás recomendacións formuladas no informe, xa que este ten carácter definitivo.

Para os informes que integran a Conta Xeral do sector público autonómico<sup>1</sup> o conselleiro maior realizará esta solicitude á Intervención xeral.

## **IV.3. DESENVOLVEMENTO DO SEGUIMENTO. TRATAMENTO DA INFORMACIÓN**

A información achegada en resposta ao escrito de solicitude, trasladarase aos departamentos do Consello que elaboraron os informes nos que figuran as recomendacións para o seu contraste coa documentación dispoñible nos traballos en curso para o exercicio sucesivo.

Sobre o contido da comunicación das medidas adoptadas, realizaranse as probas de auditoría que se estimen pertinentes ben no marco dun informe de fiscalización recorrente que se estea a desenvolver ou nun informe específico de seguimento de recomendacións, ou como probas puntuais de fiscalización de recomendacións.

Atendendo a cada caso concreto, estas probas poderán efectuarse alternativa ou acumulativamente:

---

<sup>1</sup> Para estes efectos integran a Conta Xeral do SPA informes da Conta Xeral da Administración, Conta Xeral do Sergas, informe económico financeiro das entidades instrumentais, FCI e Fondos europeos.

- a) Requirindo información que acredite a posta en marcha das medidas comprometidas.
- b) Realizando traballos puntuais de fiscalización orientados a comprobar a realidade da información comunicada.

Respecto dos informes do sector público autonómico, o seguimento periódico da implantación das medidas adoptadas polos xestores en atención ao cronograma de aplicación proposto por aqueles, realizarase no seo da Comisión Mixta Consello de Contas- Intervención Xeral.

#### **IV.4. RESULTADO DOS TRABALLOS DE SEGUIMENTO**

##### *1. Seguimento de recomendacións nos Informes de fiscalización*

- a) Fiscalizacións de carácter recorrente<sup>2</sup>

Os informes de fiscalización de carácter recorrente incluírán un apartado específico no que figurará o exame das medidas adoptadas no exercicio fiscalizado para facer efectivas as recomendacións efectuadas nos informes precedentes, aplicando os criterios de avaliación establecidos con carácter xeral.

- b) Fiscalizacións de carácter non recorrente.

Respecto dos informes non recorrentes, o Consello programará dentro dos plans anuais de traballo a realización de informes específicos de seguimento co obxecto de contrastar a información remitida.

A elaboración dos ditos informes específicos axustárase ás guías adoptadas con carácter xeral para a elaboración dos informes de fiscalización polo Consello de Contas.

##### *2. Información de seguimento das recomendacións na memoria anual*

Na memoria anual do Consello de Contas plasmarase información estatística sobre o seguimento de todas as recomendacións -tanto de informes recorrentes como non recorrentes-, que incluírá a relación de recomendacións sometidas a seguimento, os resultados das respostas das entidades e o resultado das verificacións realizadas polo Consello de Contas ben sexa no marco do informe de fiscalización recorrente, ou mediante un informe específico de seguimento de recomendacións ou de probas puntuais de fiscalización de recomendacións.

A Área de Coordinación Xeral será a responsable de elaborar a información estatística de seguimento de recomendacións, requirindo para iso a colaboración das áreas relatoras dos informes de fiscalización.

---

<sup>2</sup> Actualmente son recorrentes os informes da Conta Xeral da Administración, Conta Xeral do Sergas, informe económico financeiro das entidades instrumentais, FCI, Fondos europeos e conta Xeral de entidades locais.



## **ANEXOS**



## ANEXO 1: MODELO DE COMUNICACIÓN DAS ACTUACIÓNS DE SEGUIMENTO DE RECOMENDACIÓN (ARTº 51) DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR DO CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA

**Asunto:** Trámite de seguimento das recomendacións contidas no Informe definitivo de fiscalización de XX, exercicio 20XX

**Procedemento da Área de XX:** Código \_\_\_\_\_

**ID do expediente:** \_\_\_\_\_

O Pleno do Consello de Contas de Galicia, na súa reunión do DATA, aprobou o Informe definitivo de fiscalización de XX de ....., exercicio 20XX.

De conformidade co disposto no artigo 51 do Regulamento de réxime interior do Consello de Contas de Galicia, dispoñen dun prazo de **quinze días hábiles** para:

- Contestar expresamente sobre se se aceptaron ou non as recomendacións, sen que en ningún caso proceda efectuar alegacións sobre o seu contido.
- Indicar os departamentos responsables da implantación das medidas propostas.
- Sinalar o prazo estimado para a súa aplicación.
- Indicar as medidas adoptadas ou as que se prevé adoptar para cumprir as recomendacións aprobadas, así como a efectiva adopción de aquelas no momento da súa implantación, xuntando a documentación acreditativa, de ser o caso.

Así mesmo, deberán indicar os interlocutores e as vías de contacto que permitan levar a cabo un seguimento periódico sobre a efectividade da implantación das medidas recomendadas.

Xúntase a este escrito un cadro comprensivo das recomendacións contidas no informe, pregándolle o remitan debidamente cumprimentado a través da sede electrónica do Consello de Contas: <https://sede.consellodecontas.es/es/menus-sede/servizos/lista-servizos>, conforme ás seguintes indicacións:

1. A persoa autorizada para o envío desta información debe estar en posesión do certificado electrónico recoñecido e cumprir cos requisitos técnicos que se sinalan na axuda da sede para o correcto funcionamento do portal.
2. Selección do procedemento: Accederase á lista de servizos dispoñibles na sede electrónica e seleccionárase o seguinte procedemento: **CODIGO Remisión de documentación de fiscalizacións da Área de XX**
3. Referencia ao identificador do expediente de fiscalización: No campo **ASUNTO** do formulario incluírase o identificador do expediente de fiscalización **ID do expediente**
4. Ficheiros anexos: Neste campo xuntaranse os arquivos a remitir que se deberán subir de un en un e cumprir co indicado na axuda da sede.

Santiago de Compostela, DATA.

O/A conselleiro/a da Área de XX

## ANEXO 2: MODELO DE COMUNICACIÓN DAS ACTUACIÓN DE SEGUIMENTO DE RECOMENDACIÓN (ARTº 50.1.I) DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR DO CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA

**Asunto:** Seguimento das recomendacións contidas nos Informes definitivos de fiscalización de XX, exercicios XX Artº 50.1.i)  
Regulamento de réxime interior do Consello de Contas de Galicia

**Procedemento da Área de Coordinación Xeral:** Código \_\_\_\_\_

**ID do expediente:** \_\_\_\_\_

En desenvolvemento do Plan de Traballo de \_\_\_\_\_, estase a realizar o estudo de seguimento das recomendacións formuladas polo Consello de Contas de Galicia incluídas nos seguintes informes:

1. Informe de Fiscalización dos Fondos de Compensación Interterritorial. Exercicios 2012 a 2016.
2. Informe de Fiscalización dos Fondos procedentes da Unión Europea. Exercicios 2012 a 2016.
3. Informe de fiscalización da Conta Xeral da Comunidade Autónoma. Exercicios 2012 a 2016.
4. Informe de Fiscalización da Conta Xeral do Servicio Galego de Saúde. Exercicios 2012 a 2016.
5. Informe de fiscalización da actividade económica das Entidades Públicas Instrumentais. Exercicios 2012 a 2016.

No documento que se xunta figura o texto das recomendacións formuladas polo Consello de Contas de Galicia correspondentes aos citados informes, coa finalidade de que a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma recabe dos responsables concernidos polos informes de referencia, os correspondentes datos e informacións actualizadas en relación co cumprimento das recomendacións propostas no seu día e os remita ao Consello **antes do (data)** .

Nos escritos de resposta deberán:

- Contestar expresamente sobre se se aceptaron ou non as recomendacións, sen que en ningún caso proceda efectuar alegacións sobre o seu contido.
- Indicar os departamentos responsables da implantación das medidas propostas.
- Sinalar o prazo estimado para a súa aplicación.
- Indicar as medidas adoptadas ou as que se prevé adoptar para cumprir as recomendacións aprobadas, así como a efectiva adopción de aquelas no momento da súa implantación, xuntando a documentación acreditativa, de ser o caso.

Así mesmo, xúntase o formato no que deben formular as contestacións ás correspondentes recomendacións pregándolles que o remitan debidamente cumprimentado a través da sede electrónica do Consello de Contas: <https://sede.consellodecontas.es/es/menus-sede/servizos/lista-servizos>, conforme ás seguintes indicacións:

1. A persoa autorizada para o envío desta información debe estar en posesión do certificado electrónico recoñecido e cumprir cos requisitos técnicos que se sinalan na axuda da sede para o correcto funcionamento do portal.
2. Selección do procedemento: Accederase á lista de servizos dispoñibles na sede electrónica e seleccionárase o seguinte procedemento: **CODIGO Remisión de documentación de fiscalizacións da Área de Coordinación Xeral**
3. Referencia ao identificador do expediente de fiscalización: No campo **ASUNTO** do formulario incluírase o identificador do expediente de fiscalización **ID do expediente**
4. Ficheiros anexos: Neste campo xuntaranse os arquivos a remitir que se deberán subir de un en un e cumprir co indicado na axuda da sede.

Santiago de Compostela, **(data)** .

O conselleiro maior

SRA. INTERVENTORA XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA



### ANEXO 3: FORMATO DE RESPOSTA DE COMUNICACIÓN DAS PERSOAS RESPONSABLES DAS ENTIDADES FISCALIZADAS PARA O SEGUIMENTO DE RECOMENDACIÓNS

TRÁMITE INICIO SEGUIMENTO DE RECOMENDACIÓNS INFORME .....		
TRÁMITE: FIS_____ Remisión de documentación de fiscalizacións da Área de _____		
DATOS XERAIS		
ENTIDADE e CIF		
Persoa responsable remisión recomendacións		
Cargo / Posto traballo		
Enderezo electrónico		
Teléfono de contacto		
Data de cumprimentación		
DATOS DOS INTERLOCUTORES PARA O SEGUIMENTO DA IMPLANTACIÓN DAS MEDIDAS RECOMENDADAS		
Nº recomendación	Datos persoais	Cargo/ Posto/ Vías de contacto

## ANEXO 4: FORMATO DAS CONTESTACIÓN DAS ENTIDADES FISCALIZADAS SOBRE AS RECOMENDACIÓN FORMULADAS NOS INFORMES DE FISCALIZACIÓN

Recomendación	Aceptación	Desenvolvemento	Medidas adoptadas	Prazo implantación	Consideracións da entidade
<i>Informe de Conta Xeral da Comunidade Autónoma</i>					
<b>Adaptar o marco contable ao PXCP</b>	<b>Aceptada</b>	<b>En aplicación</b>	<b>M1: Elaboración do novo PXCPG</b>	<b>Orzamento 2019</b>	<b><i>Aplicada parcialmente</i></b>

Aceptación: aceptada ou non aceptada

Desenvolvemento: Aplicada ou en aplicación (coa adopción de medidas para a súa aplicación)

Medidas: medidas específicas adoptadas cara a súa aplicación

Prazo de implantación:

Consideracións da entidade (algunha das seguintes):

- *Total o substancialmente aplicada*
- *Aplicada parcialmente*
- *Non aplicada*
- *En proceso de aplicación*
- *Sen validez no marco actual*